

Lois Cid traballa para ampliar as nocións clásicas do documental, algo que podemos ver tanto neste, como nos proxectos anteriores. Un traballo que se centra na análise dos materiais cos que o ser humano transforma o terreo e, ao mesmo tempo, estuda a implicación deste na creación e a modificación da paisaxe contemporánea.

A súa obra é unha viaxe de ida e volta perpetua entre a reflexión e a experimentación coa paisaxe antropizada, sexa esta encontrada ou criada, coa que desenvolve unha obra moi visual e que transcende cara o sensorial: o xogo de imaxes limpas, a fluctuación, o ritmo, a fluidez.

A fotografía xoga un papel esencial na práctica artística de Lois Cid, mais non o único. Na exposición podemos ver varias instalacións ademais dun vídeo que recolle accións feitas en diferentes espazos da cidade de Lugo. Estas accións teñen o obxectivo de pór en diálogo as fotografías cos espazos en construción e/ou derrubamento que hai actualmente na cidade. Mais tamén pretenden ser exposicións efémeras que alongan a Sala do Pazo de San Marcos, rachando a idea do *Cubo Branco*, e levando á cidade a súa obra, na procura non só de novos emprazamentos museísticos improvisados, senón tamén de novos públicos.

«Estruturas de fusión» é un proxecto que indaga en espazos en construción como se fosen un xacemento arqueolóxico para analizar os residuos que fican despois do levantamento dun edificio, relacionándoo cos entullos xerados polo derrube de antigas construcións. Desde unha perspectiva material, os camiños e exploracións que parten da práctica arqueolóxica, a práctica artística de Lois Cid fócase na análise dos vencellos entre a materialidade, os conceptos de valor e as relacións socioespaciais. Baixo unha lóxica de recolla -ou recuperación-, a súa obra negocia co que se concibe como descartado ou silenciado para problematizar ideas sobre segregación, esquecemento e alteridade. Nesta diatriba, apresetanos conceptos ligados á temporalidade, a inestabilidade e a disfuncionalidade, chegando a tornar os procesos de construción e colapso nunha mesma entidade difícil de diferenciar.

Nese meticuloso traballo de campo, Lois decide visibilizar fragmentos rediseñados e materialidades dispersas, para traer á tona certas contra-propostas a través dunha alternativa á abstracción. A partir do achegamento, combate o binarismo que separa o periférico e o central ao xogar cunha heteroxeneidade complexa que habita no popular contemporáneo, cunha certa sinxeleza e co que poderíamos nomear como os *novos non-obxectualismos*<sup>1</sup>. Este enigma reconsidera a relación dos obxectos e imaxes e os posíbeis correlatos da súa valorización no pensamento contemporáneo desbordado polo consumo, a empresariedade, o recoñecemento, a efemeridade do tempo e a territorialidade.

A exposición apunta cara a unha subxectividade política ou, mellor dito, cara a suma das subxectividades populares, aquelas que carrilan no interior do modelo hexemónico (e inestábel) de ser e de estar. A chave aquí é o xogo coa materialidade, que Lois usa como pedra basilar para sintetizar e reutilizar diversos referentes. Unha condición artesanal que estoura camadas de sentido e desencadea a resignificación de certos procesos, onde o uso de metais, madeiras, ladrillos ou pintura, resulta fundamental para (re)semantizar certos códigos enfrentados entre eles: construír e derrubar, crear e destruír, permanencia e efemeridade, barullo e silencio, vacío e ocupación... É así que o autor xera esa estrañeza no/a espectadora, ao tempo que lle proporciona unha sensación de familiaridade que ten que ver coa padronización dos espazos que fotografa e que tantas veces vimos, mais tamén coa proximidade a eses territorios cheos de pegadas humanas. Porque é posíbel que xa non poidamos imaxinar a paisaxe sen antropizar.

Vítor Nieves. Curador

<sup>1</sup> Reinventando a nomenclatura cuñada polo curador e crítico Juan Acha.

## Lois Cid

Xunqueira de Espadanedo, 1993.

Formado en Fotografía Artística na EASD Antonio Faílde (Ourense), e graduado en Belas Artes pola AKI ArteZ University (Países Baixos) e pola UCLM (Cuenca). Completou a súa formación cun Máster en Fotografía na Royal Academy of Fine Arts (Amberes, Bélxica) e con obradoiros con diferentes artistas como Erik Kessels, Antoine D'Agata, David Jiménez, Virgílio Ferreira, Ion Arretxe, Jose Luis Alcaine, J.M Navia, María Cañas, Petros Efstathiadis, Maria Sturm ou Peter Granser entre outros.

Entre as súas exposicións individuais destacan «I can't hear the noise of the city because of the birds» (Holanda, Países Baixos, 2021), «Estructuras de fusión» na Monty4 (A Coruña, 2021), «Corpo a terra» (Pontevedra, 2020), «Sobre a paisaxe coñecida» (Lamosa, Cuenca, 2019), «Cara o territorio concreto» na Facultade de Belas Artes de Cuenca (2019), «New Land» en Dispara (Pontevedra, 2018) e na XPO (Enschede, Países Baixos, 2019) e «Plantas institucionais» na Facultade de Belas Artes de Cuenca (2017).

A súa obra tamén foi parte de exposicións colectivas en Photo Open Up (Padua, Italia), en De Tank (Bruxas, Bélxica), na Royal Academy of Fine Arts, no The Temple e na FOMU (Amberes, Bélxica), na Grosvenor Gallery de Manchester, no festival Encontros da Imagem (Braga, Portugal), no Museo de Pontevedra e na Fundación Amelia Moreno (Toledo) entre outras.

O seu traballo foi recoñecido co Premio Horlait Dapsens Foundation (Bélxica, 2020), co Accésit Máster Mapa da Lens Escuela (Madrid, 2019) e foi finalista da Beca Roberto Villagraz (Efti, Madrid, 2019). Desfrutou da residencia artística ARE Holland (Países Baixos, 2021) e da Beca ESMAD Summer School (Póvoa de Varzim, Portugal, 2019), no mesmo ano que participou no Encontro de Artistas Novos (Santiago de Compostela).

## Premio Galicia de Fotografía Contemporánea

O Premio Galicia de Fotografía Contemporánea é organizado cada ano desde 2013 pola Asociación Outono Fotográfico co patrocinio da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

«Estructuras de fusión» de Lois Cid foi o proxecto seleccionado na IX edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea. Nesta edición recibíronse a través da convocatoria aberta máis de 120 proxectos, chegados desde máis de 20 países. O xurado estivo composto por Estefânia R. de Almeida, responsable da Galeria Adorna (Porto, Portugal); Iñaki Martínez Antelo, xestor cultural e curador; Jon Gorospe, artista gañador da IV edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea; os coordinadores do Premio, Xosé Lois Vázquez, presidente da Asociación Outono Fotográfico, editor e fotógrafo e o curador Vítor Nieves; e por parte das institución patrocinadoras, Encarna Lago, Xerente da Rede Museística de Lugo (representando á Vicepresidencia da Deputación de Lugo) e Ofelia Cardo, artista e profesora (en representación da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia). Exerceu como secretario Pablo G. Prieto.